



Concello de Xermade

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Asunto: inicio trámites expediente de contratación “Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xermade”. Expediente 334/2019.

Visto que o Concello de Xermade ven prestando o servizo de axuda no fogar mediante contrato de servizos, na actualidade é a empresa Virxe do Carne S.L. a que o presta en virtude do contrato administrativo formalizado no 2013.

Trátase dun servizo que require un importante número de persoal para a súa prestación, tal como pode verse na listaxe de persoal a subrogar presentada o 16/05/2019 pola adxudicataria: 2 coordinadoras e 35 auxiliares.

A xestión do persoal por parte do departamento de servizos sociais deste concello sería inviable, posto que dito departamento conta unicamente con dúas profesionais: a educadora familiar e a traballadora social. E o traballo a desenvolver conleva a dedicación exclusiva dunha equipa de persoas que ademáis conten con experiencia na realización desas tarefas e se atopan inscritos no Rexistro Unico de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o programa de axuda no fogar.

Este concello carece de medios persoais para prestar estas actividades con persoal propio, de xeito que a única opción para prestar este servizo e así dar continuidade de atención ás persoas usuarias é a súa contratación cunha empresa suficientemente capacitada.

Xermade, a 20 de maio de 2019

A traballadora social

Lorena Bouza Piñón

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027